

## **ADDENDA MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA DO IESP DE AMES SOBRE AVALIACIÓN NA ESO E 1º DE BACHARELATO CURSO 2021-2022**

### **ADDENDA MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA NA AVALIACIÓN DA ESO CURSO 2021-2022**

Ó abeiro das modificacións establecidas tanto polo Real Decreto 984/2021 e a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. O Departamento de Filosofía do IESP de Ames adaptará o proceso de avaliación das distintas materias do departamento, atendendo ós seguintes criterios, que quedan dispoñibles para seren consultados polo alumnado e polas súas familias.

Os criterios de cualificación establecidos para cada unha das materias nos seus respectivos apartados da programación seguiranse mantendo, permanecendo idéntica a súa distribución dos porcentaxes de cualificación destinados ós diferentes instrumentos de avaliación. Estes serán os criterios empregados en cada unha das avaliacións do curso.

No caso de que o alumnado teña algunha avaliación suspensa, o profesorado do departamento facilitará a recuperación e a mellora das cualificacións recibidas (tanto para os casos aprobados como para os suspensos) mediante a realización de probas de avaliación, que segundo as particularidades da materia poderán consistir tanto en exames, como en traballos, ou unha mestura dos dous procedementos.

Ó longo do curso, o alumnado recibirá nas materias do departamento unha cualificación correspondente ó proceso de avaliación de cada un dos trimestres, é dicir, unha nota na primeira avaliación, outra na segunda e outra na terceira, a comezos do mes de xuño. Por último, o alumnado recibirá unha cuarta cualificación correspondente á avaliación ordinaria, celebrada a finais de xuño, e que supón a valoración do proceso de aprendizaxe de cada alumna/o ó longo de todo o curso nas nosas materias. No período de tempo que abrangue dende o remate da terceira avaliación parcial ata a avaliación ordinaria, o profesorado que imparte as materias do Departamento decidimos levar a cabo unha labor de titorización e traballo de carácter personalizado con actividades de diverso tipo, en función das distintas situacións que poida presentar o alumnado, tratando de observar sobre todo as súas necesidades, xa sexan de repaso, reforzo e apoio para a recuperación dos resultados obtidos, ou de ampliación dos contidos e competencias desenvolvidas na materia en cuestión. O obxectivo do traballo realizado durante este período será a consecución dos estándares de aprendizaxe de tal forma que o alumnado poida acadar resultados positivos.

Con respecto á actuación co alumnado nese período de tempo comprendido entre o remate da terceira avaliación e a avaliación ordinaria, contéplanse os seguintes tres escenarios, para os que se especifican os principios a seguir:

#### **Alumnado con avaliación positiva nas tres avaliacións do curso**

Mediante a realización das actividades propostas neste período final do curso, o alumnado coas tres avaliacións aprobadas que non queira presentarse a unha proba formal de mellora da nota, poderá aínda así mellorar a súa cualificación global do curso cunha puntuación de 0 ata 1 punto, sobre a media das tres avaliacións. Para calcular a media correspondente á avaliación ordinaria, teranse en conta as cualificacións medias exactas (sen aproximar) das distintas avaliacións (p.ex: 6,8 aínda que no boletín aparece aproximada a un 7), A materia considerarase superada sempre que se obteña un resultado final igual ou superior a 5 puntos. A nota final recollida no boletín da avaliación ordinaria establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte.

## **ADDENDA MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA DO IESP DE AMES SOBRE AVALIACIÓN NA ESO E 1º DE BACHARELATO CURSO 2021-2022**

### **Alumnado con algunha avaliación pendente ou que pretenda subir a cualificación**

O alumnado que precise recuperar ou queira mellorar a nota dunha ou dúas avaliacións poderá levar a cabo a súa preparación coa realización das actividades propostas, para poder presentarse a unha proba escrita que acredite a consecución dos estándares de aprendizaxe relativos a unha ou dúas avaliacións en concreto. A cualificación recibida nesta proba someterase ás porcentaxes das probas establecidas para cada materia. Para establecer a cualificación correspondente á avaliación que se quere recuperar ou mellorar, terase sempre en conta a cualificación máis alta recibida.

A media correspondente á avaliación ordinaria calcularase a partir das medias exactas (sen aproximar) das distintas avaliacións. A materia considerárase superada sempre que se obteña un resultado final igual ou superior a 5 puntos. A nota final recollida no boletín establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte.

### **Alumnado cas tres avaliacións suspensas**

O alumnado que teña que recuperar as tres avaliacións do curso poderá levar a cabo a súa preparación coa realización das actividades propostas, para poder presentarse a unha proba escrita que acredite a consecución dos estándares de aprendizaxe relativos ós contidos mínimos de toda a materia. A cualificación da materia coincidirá coa nota dese exame. Considerárase superada a materia cando se obteña un resultado final igual ou superior a 5 puntos. A nota final recollida no boletín establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte.

## **ADDENDA MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO NA AVALIACIÓN DE 1º DE BACHARELATO CURSO 2021-2022**

O alumnado que non supere o curso na avaliación ordinaria do curso nin as recuperacións trimestrais, enfrontará a finais de XUÑO un exame final de TODOS OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO CURSO. Conforme os criterios establecidos na programación de Filosofía de 1º de Bacharelato no apartado 2.8.6 e de Antropoloxía no apartado 9.8.6 para a avaliación extraordinaria.

En Ames, 8 de abril de 2022

O XEFE DE DEPARTAMENTO

Roberto Barral Blanco

DEMAIS MEMBROS

María del Carmen Díaz Otero  
María Leyra Fernández-Labandera  
Tamar Vázquez Rodríguez ( en substitución de  
María Leyra Fernández-Labandera